

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 23/01/2018

2. Mocións.....	3
2.2 10/MOC-000065 (0021755)	3
(0021755) Entrada da iniciativa.....	4
(0023884) Emendas dos grupos parlamentarios	7
2.3 10/MOC-000066 (0021756)	9
(0021756) Entrada da iniciativa.....	10
(0023874) Emendas dos grupos parlamentarios	13
(0023892) Emendas dos grupos parlamentarios	14
3. Proposicións non de lei ante o pleno.....	16
3.2 10/PNP-000597 (0006769)	16
(0006769) Entrada da iniciativa.....	17
(0023873) Emendas dos Grupos Parlamentarios	19
(0023889) Emendas dos Grupos Parlamentarios	20
3.3 10/PNP-001513 (0020352)	22
(0020352) Entrada da iniciativa.....	23
(0023872) Emendas dos Grupos Parlamentarios	28
(0023887) Emendas dos Grupos Parlamentarios	29
3.4 10/PNP-001542 (0020698)	31
(0020698) Entrada da iniciativa.....	32
(0023890) Emendas dos Grupos Parlamentarios	35
3.5 10/PNP-001543 (0020708)	37
(0020708) Entrada da iniciativa.....	38
(0023880) Emendas dos Grupos Parlamentarios	42
(0023886) Emendas dos Grupos Parlamentarios	43
3.6 10/PNP-001586 (0021105)	45
(0021105) Entrada da iniciativa.....	46
(0023883) Emendas dos Grupos Parlamentarios	50
(0023891) Emendas dos Grupos Parlamentarios	52
3.7 10/PNP-001599 (0021276)	55
(0021276) Entrada da iniciativa.....	56
(0023876) Emendas dos Grupos Parlamentarios	60
(0023885) Emendas dos Grupos Parlamentarios	61
3.8 10/PNP-001615 (0021534)	63
(0021534) Entrada da iniciativa.....	64
(0023881) Emendas dos Grupos Parlamentarios	66
(0023888) Emendas dos Grupos Parlamentarios	67

2. MOCIÓN.

2.2 10/MOC-000065 (0021755)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz Villoslada

Sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico (Moción consecuencia da Interpelación nº 20422, publicada no BOPG nº219 do 24/11/2017, debatida na sesión plenaria do 19/12/2017)

(0021755) Entrada da iniciativa



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 19 de decembro de 2017, sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico.(doc. núm. 20422).


Moción

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego, no actual escenario de recuperación macroeconómica previsto nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018, a recuperar a negociación colectiva, as condicións de traballo e a calidade do emprego público autonómico, coa adopción urxente das seguintes medidas:

1º) Establecer na maior brevidade coas organización sindicais representadas na Mesa Xeral de Empregados Públicos un calendario de traballo para adoptar os necesarios acordos nas seguintes materias para o período 2018-2020:

- a) Un plan de Oferta de Emprego Público para o período 2018-2020 que permita recuperar as taxas de emprego estable perdido no período 2009-2017, impulsando as medidas precisas para a supresión da taxa de reposición de efectivos.
- b) Un calendario previsible de execución e finalización dos procesos de consolidación de emprego temporal, funcionarización e promoción interna que permita estabilizar o emprego público autonómico e impulse a súa carreira profesional. Neste marco de traballo urxe a constitución das mesas sectoriais de Ensino e Xustiza.
- c) A revisión e modificación das escalas de funcionarios de Seguridade e Saúde no Traballo, de Bombeiros Forestais e de Auxiliares de Clínica.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

d) O establecemento dun Fondo especial para a recuperación progresiva das contías deixadas de percibir polo concepto de complemento específico ou cantidade equivalente nas pagas extraordinarias de xullo e decembro de 2013, 2014, 2015 e 2016.

e) Un mecanismo de convocatoria permanente de concursos de provisión de vacantes que evite a proliferación xeneralizada das comisións de servizos e dote de estabilidade aos cadros de persoal.

2º) Iniciar os trámites lexislativos para a derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, incorporándose, nos termos que procedan, á lexislación ordinaria en materia de Emprego Público de Galicia o disposto nos artigos 4 e 7 da dita lei.

3º) Establecer un observatorio para a avaliación da calidade dos servizos públicos, que ademais da presenza dos órganos responsables da Administración autonómica, conte coa participación das organizacións de usuarios e consumidores, dos Sindicatos así como de expertos. Este observatorio encadrarase no marco da Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que deberá ser obxecto da correspondente modificación.

Pazo do Parlamento, 22 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/12/2017 13:12:11

**PARLAMENTO DE GALICIA**
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2017 13:13
Nº Rexistro: 21755
Data envío: 22/12/2017 13:13:44.711



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/12/2017 13:12:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia

(0023884) Emendas dos grupos parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **21755 [10/MOC-000056]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 23 de xaneiro de 2018.

Emenda de adición

Engadir un novo punto 4 co seguinte texto:

“4. Defender diante do goberno do Estado a reversión dos cambios lexislativos que fixeron posíbel e legalizaron o expolio de rendas e dereitos da clase traballadora en xeral e do persoal das administracións públicas en particular: derogación da reforma do artigo 135 da Constitución e da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG



REGISTRADO
BO:1770441212
GALICIA

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 17:58
Nº Rexistro: 23884
Data envío: 22/01/2018 17:58:24.733

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/01/2018 17:52:31

Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2018 17:52:35

2.3 10/MOC-000066 (0021756)

Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando
Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira

Sobre a protección do medio ambiente e o lindano (Moción consecuencia da Interpelación nº 20946, publicada no BOPG nº223 do 05/12/2017, debatida na sesión plenaria do 19/12/2017)

(0021756) Entrada da iniciativa

en marea
enmarea.gal

 **PARLAMENTO DE GALICIA**
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2017 13:42
Nº Rexistro: 21756
Data envío: 22/12/2017 13:42:42.590

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Oagndo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **20946 (10/INT-000701)** debatida na sesión plenaria do 20 de decembro sobre a protección do medio ambiente e o lindano.

MOCIÓN:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1. Realizar un mapeo das zonas susceptibles de conter contaminación por lindano partindo do estudo realizado pola Xunta de Galicia en 1999 e das aportacións que a veciñanza e a plataforma de afectados por lindano poidan realizar, extendendo o radio de acción máis alá do polígono de Torneiros.
2. Realizar un estudo riguroso do chan e dos acuíferos, abarcando todas as zonas detectadas coa realización do mapeo, para determinar o grao de contaminación por lindano alá onde exista.

en marea

enmarea.gal

 **PARLAMENTO DE GALICIA**
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2017 13:42
Nº Rexistro: 21756
Data envío: 22/12/2017 13:42:42.590

3. Unha vez coñecidos os resultados do estudo e localizadas as zonas contaminadas, realizar, en colaboración co Concello, un proxecto de descontaminación das zonas afectadas. Este proxecto deberá comezar a executarse ao longo do ano 2018.
4. Unha vez realizados os informes definitivos, informar ás veciñas e á Plataforma de afectados por lindano dos resultados do mapeo e dos resultados do estudo sobre a contaminación nas zonas detectadas en dito mapeo.
5. Realizar as analíticas pertinentes á veciñanza que reside nos lugares onde se confirme a presenza de residuos tóxicos que superen os valores máximos permitidos.”

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea



en marea

enmarea.gal



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2017 13:42
Nº Rexistro: 21756
Data envío: 22/12/2017 13:42:42.590

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 22/12/2017 13:41:46


Luis Villares Naveira na data 22/12/2017 13:41:58





(0023874) Emendas dos grupos parlamentarios



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a protección do medio ambiente e o lindano (doc. núm. 21756).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes puntos:

“6. Habilitar, antes de que remate o primeiro trimestre deste ano 2018, unha partida orzamentaria que inclúa o investimento preciso para a retirada e o tratamento do lindano nas zonas afectadas.

7. Cubrir, de maneira inmediata, un abastecemento alternativo de auga para os veciños do Porriño, en tanto non se rematen os estudos e informes anteriormente mencionados.”

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/01/2018 14:04:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/01/2018 14:05:03



(0023892) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 18:25
Nº Rexistro: 23892
Data envío: 22/01/2018 18:25:11.172

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado, **Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Moción, do Grupo Parlamentario de En Marea, **21756 (10/MOC-000066)**, Sobre a protección do medio ambiente e o lindano (Moción consecuencia da Interpelación nº 20946, publicada no BOPG nº223 do 05/12/2017, debatida na sesión plenaria do 19/12/2017)

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia:

1. Rematar no máis breve prazo de tempo posible as prospeccións e recollida de mostras que comezarán nos vindeiros días nos solos contaminados con lindano no lugar de Contrasto.
2. Unha vez coñecidos os resultados do estudo e localizadas as zonas contaminadas, realizar en colaboración co Concello un proxecto de descontaminación das zonas afectadas no primeiro trimestre deste ano. Este proxecto deberá comezar a executarse ao longo do ano 2018.
3. Continuar adoptando, en coordinación e colaboración co Concello do Porriño, as medidas preventivas necesarias para evitar riscos para a saúde das persoas.
4. Realizar un estudo da presenza do lindano en todo o Concello do Porriño, tendo en conta as achegas e colaboración dos veciños e veciñas afectados.
5. Dirixirse ao Estado para solicitar colaboración e apoio económico para a localización e retirada do lindano”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 18:25
Nº Rexistro: 23892
Data envío: 22/01/2018 18:25:11.172

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2018 18:24:20

Gonzalo Trenor López na data 22/01/2018 18:24:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

3. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

3.2 10/PNP-000597 (0006769)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Carlos Enrique López Crespo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Vega Pérez

Sobre a continuación polo Goberno galego co desenvolvemento de actuacións para a posta en común con outras rexións e frotas pesqueiras das experiencias e dos coñecementos obtidos en relación coa problemática dos descartes, con especial atención á súa refundición e ao traslado á Comisión Europea das demandas para a adaptación da normativa

(0006769) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2017 11:12
Nº Rexistro: 6769
Data envío: 17/03/2017 11:12:36.030

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazo Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

Exposición de motivos:

Desde Galicia levamos tempo alertando de que certos aspectos da nova Política Pesqueira Común poden supor, de non mediar iniciativas de execución máis flexibles, factores que fagan inviables as actividades pesqueiras da nosa frota. Ante dita situación atopámonos coa necesidade de seguir reiterando á Comisión Europea a necesidade de escoitar e admitir as debilidades que neste senso se recollen no Regulamento 1380/2013.

Falamos da obriga de desembarque de todas as capturas que establece o artigo 15 do Regulamento sinalado, e que leva a que todas as capturas de poboacións suxeitas a límites de capturas efectuadas durante as actividades pesqueiras en augas da Unión, ou por buques da Unión fóra de augas da Unión en augas non suxeitas á soberanía ou xurisdición de terceiros países, deberán almacenarse e manterse a bordo dos buques pesqueiros, así como rexistrarse, desembarcarse e imputarse ás correspondentes cotas cando proceda, de conformidade co calendario establecido.

A súa aplicación pon derriba da mesa cuestións de dificultosa aplicación para o sector, e non é unha cuestión baladí apuntar que esta obriga se mestura cun mecanismo de reparto de cotas deficiente e desfasado no tempo, pois en 1983 (ano de establecemento da Estabilidade Relativa e antes da entrada de España na Unión Europea) non existía obriga de desembarque e non se tiñan en conta as composicións naturais das capturas.

Xa que logo, que agora se incorpore a variable do descarte supón un elemento moi prexudicial para a nosa frota e necesitamos solucións progresivas pero tamén rápidas, nas que a posta en común de accións de adaptación e mellora neste eido con outras frotas afectadas será un punto importante de traballo a prol de conseguir avanzar nesta cuestión.

Neste senso, desde Galicia estase a traballar nesta liña tanto no *Comité das Rexións*, como na *Comisión de Rexións Periféricas e Marítimas* ou na *Conferencia do Arco*



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2017 11:12
Nº Rexistro: 6769
Data envío: 17/03/2017 11:12:36.030

Atlántico, labor que cómpre seguir reforzando para compartir os coñecementos a prol de superar esta situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir desenvolvendo accións para por en común con outras rexións e flotas pesqueiras as experiencias e coñecementos obtidos en torno á problemática dos descartes, con especial atención á súa refundición e transmisión das demandas á Comisión Europea de cara á adaptación da normativa”.

Santiago de Compostela, 17 de Marzo de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/03/2017 11:08:58

Carlos Enrique López Crespo na data 17/03/2017 11:09:16

María Ángeles García Míguez na data 17/03/2017 11:10:00

Teresa Egerique Mosquera na data 17/03/2017 11:10:12

María Soraya Salorio Porral na data 17/03/2017 11:10:29

Alberto Pazos Couñago na data 17/03/2017 11:10:42


Marta Rodríguez Arias na data 17/03/2017 11:10:53

Daniel Vega Pérez na data 17/03/2017 11:11:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

(0023873) Emendas dos Grupos Parlamentarios



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a continuación polo Goberno galego co desenvolvemento de actuacións para a posta en común con outras rexións e frota pesqueiras das experiencias e dos coñecementos obtidos en relación coa problemática dos descartes, con especial atención á súa refundición e ao traslado á Comisión Europea das demandas para a adaptación da normativa (doc. núm. 6769).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a remitir o Parlamento de Galicia para a súa análise e debate, no prazo máximo de dous meses, un plan que reflicta as accións que vai realizar o Goberno para mitigar a problemática dos descartes.

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/01/2018 14:10:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/01/2018 14:11:25

(0023889) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **6769 [10/PNP-000597]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a continuación polo Goberno galego co desenvolvemento de actuacións para a posta en común con outras rexións e frotas pesqueiras das experiencias e dos coñecementos obtidos en relación coa problemática dos descartes, con especial atención á súa refundición e ao traslado á Comisión Europea das demandas para a adaptación da normativa, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 23 de xaneiro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a demandar do Goberno español:

-O resultado das mesas constituídas en xullo do ano 2015, polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para avaliar o resultado da aplicación desta normativa.

-Informe coas actuacións realizadas para evitar a aplicación desta medida tan lesiva para a nosa flota.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a trasladarlle ao Goberno español e á Unión Europea o máis enérxico rexeitamento a esta normativa, demandarlle a súa derogación e proceder a substituíla por outra que teña como finalidade o



REGISTRO
R01770MAL2182
04/2009

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 17:59
Nº Rexistro: 23889
Data envío: 22/01/2018 17:59:13.036

mantemento da actividade e os postos de traballo (excluír a flota artesanal da aplicación, reparto e esforzó, proporcional as cotas de cada país, as cotas de países que non as pesquen podan transferirse as de países deficitarios como Galiza, posta en valor das especies procedentes de descartes...)."

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/01/2018 17:55:27

Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2018 17:55:32

3.3 10/PNP-001513 (0020352)

Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda
Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito do alumnado con trastorno do espectro do autismo a unha educación inclusiva no sistema público de ensinanza

(0020352) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de avanzar no recoñecemento dos dereitos do alumnado con trastorno adaptativo do espectro autista e garantir o desenvolvemento dunha educación inclusiva no sistema público de ensinanza, tendo en conta a sentenza do TSXG favorable a un alumno con TEA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Arturo, nado en 2004, padece un trastorno adaptativo do espectro autista (TEA). Ten recoñecido un grao de minusvalía do 65% e está escolarizado dende o curso 2009/10 no CEIP Salgado Torres.

O equipo Específico concluíu que precisaba apoio educativo o 8 de outubro do 2012. Arturo rematou o curso 2012/13 satisfactoriamente.

Cando iniciou o curso 2013/14, sufriu un proceso de exclusión educativa que se manifestou nos seguintes feitos:

- Cambióuselle á mestra especialista en PT.
- Sometéuselle a unha sobrecarga sensorial por berros continuos na aula.
- Desestruturóuselle o espazo por eliminación de apoios visuais e os elementos de accesibilidade cognitiva.
- Abandonáronselle os sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.
- Cambióuselle radicalmente a metodoloxía de traballo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2017 11:00
Nº Rexistro: 20352
Data envío: 17/11/2017 11:00:20.175



A familia recorreu, fundamentando a reclamación na vulneración do Decreto 299/2011 de 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. E asemade artellando a demanda directamente coa Convención de DH (artigos: 2; 24; 21 b) e 24.4).

O pasado 18 de outubro de 2017, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia deulle a razón á familia e condenou á Consellería de Educación a que pague unha indemnización de 4.500 € ao alumno e outros 1.500 á nai por retirarlle os apoios educativos necesarios.

Sentenza sen precedentes que ten un indiscutible valor para todo o colectivo, xa que é un primeiro paso na creación de xurisprudencia no ámbito da responsabilidade patrimonial da administración en relación coa atención educativa.

No xuízo celebrado a raíz do recurso contencioso-administrativo interposto polos pais do menor, este Tribunal anula a Resolución do Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que desestimaba a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, outorgando a razón aos proxenitores.

A importancia da sentenza radica na declaración de existencia de responsabilidade patrimonial da administración en relación coa atención educativa. Así, a Xunta de Galicia deberá indemnizar ao menor ao quedar probadas tanto a retirada dos apoios necesarios como o dano producido no desenvolvemento do menor. De igual forma, queda contrastado o dano psicolóxico na nai, quen tamén deberá recibir unha indemnización por parte da Xunta de Galicia.



Tal e como sinala o informe que Autismo España realizou en relación con este caso, e do que se fai eco a histórica sentenza, a abordaxe das dificultades de conduta require a implicación de todos aqueles que se relacionan coa persoa con TEA, incluídos os educadores/as e diferentes profesionais que lle prestan atención especializada, xa que pola contra se pode interferir de forma significativa e importante na súa saúde, a súa educación e a súa calidade de vida, cousa que sucedeu ao cambiar tanto a titora como a profesora de Pedagogía Terapéutica.

Ademais, a sentenza acusa de negligente o comportamento do Centro ao retirar os apoios visuais necesarios para o menor. Tal e como indica a propia sentenza, esta soa circunstancia resulta suficiente para determinar a estimación do recurso.

A sentenza faise eco da posición de desigualdade de partida dos nenos e nenas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA), recordando que iso lles fai acredores dunha resposta das administracións educativas acaída ás súas necesidades, o cal non ocorreu neste caso.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- 1.- Reforzar as políticas de formación continuada do profesorado, dirixidas a toda a comunidade docente, non só a aquela implicada en programas específicos, de forma que o problema da exclusión educativa sexa asumido polo conxunto da comunidade educativa.



- 2.- Sistematizar as fontes de exclusión, diagnosticar as situación de exclusión educativas e ordenar as posibilidades e propostas de intervención, dotando de recursos materiais e humanos aos Equipos de Orientación Específica.
- 3.- Cumprir a Consellería a súa obriga de facilitar os apoios necesarios para o pleno desenvolvemento persoal nunha situación de igualdade con respecto ao resto de actores da sociedade.
- 4.- Garantir a utilización de formatos alternativos e aumentativos de comunicación.
- 5.- Orientar a intervención educativa que se debe realizar por todas as persoas que participan na educación do alumnado con TEA.
- 6.- Fortalecer as relación entre profesorado e alumnado.
- 7.- Favorecer o acompañamento persoal e non burocratizado de familias e alumnos/as.
- 8.- Garantir o dereito a unha educación inclusiva dos nenos e nenas con TEA, contemplando as medidas de actuación necesarias.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Asdo.: Luís Villares Naveira.

Luca Chao Pérez

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2017 11:00
Nº Rexistro: 20352
Data envío: 17/11/2017 11:00:20.175

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/11/2017 10:57:04

Luca Chao Pérez na data 17/11/2017 10:57:13

Luis Villares Naveira na data 17/11/2017 10:58:43

(0023872) Emendas dos Grupos Parlamentarios



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito do alumnado con trastorno do espectro do autismo a unha educación inclusiva no sistema público de ensinanza (doc. núm. 20352).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 9, que terá o seguinte contido:

“9. Que se adopten todas as medidas precisas para o efectivo cumprimento das previsións que, para o alumnado con Trastorno de Espectro Autista figuran no protocolo publicado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, baixo a denominación “*Tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA)*.”

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/01/2018 12:10:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/01/2018 12:10:53

(0023887) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **20352 [10/PNP-001513]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito do alumnado con trastorno do espectro do autismo a unha educación inclusiva no sistema público de ensinanza, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 23 de xaneiro de 2018.

Emenda de adición

Engadir dous novos puntos, que serían o 9 e o 10, co seguinte texto:

“9.- Dotar os centros ordinarios que integren alumnado con necesidades educativas específicas do persoal necesario de PT e AL tal e como dispón o acordo adoptado pola Consellaría de Educación e as organizacións sindicais o 8 de xuño de 2007.

10.- Dotar os centros de persoal definitivo a través da oferta no Concurso Xeral de Traslados (CXT) daquelas prazas de PT e AL que actualmente están



REGISTRO
R01770MAL2182
04/2009

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 17:58
Nº Rexistro: 23887
Data envío: 22/01/2018 17:58:56.977

cubertas de maneira provisional garantindo, así, unha maior estabilidade laboral e calidade educativa.”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/01/2018 17:54:14

Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2018 17:54:20

3.4 10/PNP-001542 (0020698)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia tendentes á construción dun centro de saúde no edificio do mercado da Santa Lucía, no barrio da Falperra, na cidade da Coruña

(0020698) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 12:55
Nº Rexistro: 20698
Data envío: 24/11/2017 12:55:41.516

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Gonzalo Trénor López, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado luns, 20 de novembro, unha representación da Asociación de Veciños e Comerciantes a Falperra levaron ao Parlamento de Galicia máis de tres mil dúascentas firmas recollidas no seu barrio para solicitar aos Grupos Parlamentarios que insten ao Concello da Marea a deixar de bloquear a construción do Centro de Saúde no edificio do Mercado de Santa Lucía.

Os veciños xunto coas firmas entregaron un escrito a todos os grupos no que se sinala como único responsable do retraso ao Concello da Marea:

“Desde a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E COMERCIANTES A FALPERRA defendemos a necesidade de dispoñer dun espazo adecuado para construír o Centro de Saúde no barrio da Falperra; consideramos que a localización no actual edificio do Mercado de Santa Lucía é a máis indicada para dar resposta ás necesidades dos veciños do noso barrio, unha poboación cun gran número de persoas de avanzada idade. Insistimos na necesidade de instalalo nun espazo facilmente accesible para eles, cunha comunicación directa desde o exterior do edificio e polo tanto non nunha distribución en



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 12:55
Nº Rexistro: 20698
Data envío: 24/11/2017 12:55:41.516

altura como propón sen ningunha xustificación o Concello da Coruña. A poboación que recibiría atención nesta nova infraestrutura para a nosa cidade serían os pacientes que actualmente reciben atención no Centro de Saúde de Federico Tapia.

Ante a actitude do Alcalde da Coruña de seguir enfrontando aos veciños e marxinando ao noso barrio, queremos mostrar o noso rexeitamento á falta de diálogo que desde o primeiro momento demostrou cos veciños e á falta de colaboración e de acordo coa Xunta de Galicia, coa que o Concello da Coruña ten asinado un Protocolo de Colaboración para acometer a reforma do edificio actual do Mercado de forma conxunta.

Por todo iso presentamos, nestes momentos, máis de TRES MIL DUASCENTAS firmas recoleitas no barrio da Falperra, que avalan a necesidade de acometer a reforma do actual Mercado de Santa Lucía de forma inmediata, sempre co maior acordo e consenso posible. Esiximos un cambio de actitude do Alcalde, aberta ás propostas vecinales e, por suposto, a colaborar con lealtad coa Xunta de Galicia, que pretende realizar un investimento importante nun barrio da cidade tan necesitado dunha revitalización, mellorando os servizos, revitalizando o pequeno comercio e poñendo en primeiro nivel ao noso barrio en canto á asistencia sanitaria, o mesmo que o resto de barrios da cidade.”

Facéndonos eco da xusta reclamación dos veciños deste barrio coruñés, vítimas da actividade obstaculizadora do goberno da Marea, é polo que presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir traballando para facer realidade a dotación dun novo Centro de Saúde para o barrio, nun espazo adecuado



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 12:55
Nº Rexistro: 20698
Data envío: 24/11/2017 12:55:41.516

cedido polo Concello da Coruña no actual edificio do Mercado de Santa Lucía no barrio da Falperra”.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/11/2017 12:52:37

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 24/11/2017 12:52:47

Gonzalo Trenor López na data 24/11/2017 12:52:52

Martín Fernández Prado na data 24/11/2017 12:53:01

Diego Calvo Pouso na data 24/11/2017 12:53:14

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/11/2017 12:53:21

María Ángeles García Míguez na data 24/11/2017 12:53:28

Marta Rodríguez Arias na data 24/11/2017 12:53:35

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 24/11/2017 12:53:44

María Soraya Salorio Porral na data 24/11/2017 12:53:54

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/11/2017 12:54:01

Raquel Arias Rodríguez na data 24/11/2017 12:54:08

Sandra Vázquez Dominguez na data 24/11/2017 12:54:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

(0023890) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, doc. núm 20698, sobre as actuacións da Xunta de Galicia tendentes á construción dun centro de saúde no edificio do mercado da Santa Lucía, no barrio da Falperra, na cidade da Coruña, que será tratada na sesión plenaria do día 23 de xaneiro de 2018. (10/PNP-001542)

Emenda de Substitución

Débesse substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir traballando para facer realidade a dotación dun novo Centro de Saúde para o entorno do barrio, nun espazo adecuado que satisfaga as condicións necesarias tanto para a Xunta como para o Concello.”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 18:10
Nº Rexistro: 23890
Data envío: 22/01/2018 18:10:46.636

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/01/2018 18:09:19

Luis Villares Naveira na data 22/01/2018 18:09:27

3.5 10/PNP-001543 (0020708)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Dolores Toja Suárez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Antonio Quiroga Díaz

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Manuel Pérez Seco

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz Villoslada

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas á realización de campañas de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero no ámbito rural

(0020708) Entrada da iniciativa



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A asociación Fademur vén de publicar unha enquisa sobre a percepción da sociedade galega sobre a realidade das mulleres rurais galegas, especialmente sobre a incidencia da violencia de xénero no ámbito rural.

Son moitos os datos reveladores na mesma. Pero hai un que se pode entender como preocupante, especialmente polo que implica na planificación das campañas, medidas e accións de prevención contra a violencia de xénero.

Ao seren consultadas, un 45 % das persoas responden erroneamente cando se lles pregunta que é a violencia de xénero. Só o 55 % ten claro o concepto de "violencia de xénero", considerándoa como "aquela violencia física, sexual o psicolóxica cara homes e mulleres exercida polas súas parellas ou ex parellas".

Esta falta de comprensión do concepto, significa que algo se está facendo mal nas campañas ou programas de información sobre a violencia, especialmente cando non se entende que os homes son tamén vítimas da violencia, e que isto non é só un problema de mulleres.


Así mesmo un 61,81 % das mulleres do rural din que no seu entorno non hai informacións para abordar o tratamento da violencia de xénero.

Seis de cada dez mulleres din non coñecer ningún tipo de campaña sobre violencia de xénero.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 13:57
Nº Rexistro: 20708
Data envío: 24/11/2017 13:57:06.610



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Respecto á pregunta sobre os actos que consideran como violencia de xénero, chama a atención como a prostitución non está considerada como tal por un 40 %.

Tendo en conta estes datos e moitos outros que se reflicten na enquisa, e que amosan porcentaxes significativas de xente que segue a ter conceptos errados sobre o que é e non violencia de xénero, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar os criterios e conceptos básicos nos que teñen que incidir as campañas de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero, promovendo ferramentas de obtención de información, como son as enquisas de opinión previa e posteriormente a cada campaña, para poder dirixilas de maneira máis eficaz á cidadanía, habilitando unha partida orzamentaria específica para o seu desenvolvemento anual.
2. Realizar campañas de concienciación específicas que teñan en conta as peculiaridades da sociedade rural, implicando nelas tamén ós servizos sociais máis próximos ás mulleres rurais, así como ás entidades sociais presentes no entorno como asociacións de veciños, de pais e nais, de mulleres, de montes, cooperativas etc.
3. Incidir na difusión das campañas nas zonas rurais, especialmente nos concellos máis pequenos, por ser onde se demostran menos eficaces.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 13:57
Nº Rexistro: 20708
Data envío: 24/11/2017 13:57:06.610



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Promover nos distintos cursos de formación de profesorado así como nos de alumnado nos centros educativos, aqueles centrados en traballar para erradicar a tolerancia ante as diferentes manifestacións de violencia de xénero, desmontando falsos conceptos.

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 24/11/2017 13:53:14

María Dolores Toja Suárez na data 24/11/2017 13:53:20

José Antonio Quiroga Díaz na data 24/11/2017 13:53:26


Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/11/2017 13:53:34

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/11/2017 13:53:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 13:57
Nº Rexistro: 20708
Data envío: 24/11/2017 13:57:06.610



 Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/11/2017 13:53:45

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/11/2017 13:53:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/11/2017 13:53:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia



(0023880) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 17:36
Nº Rexistro: 23880
Data envío: 22/01/2018 17:36:53.482

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **María Ángeles García Míguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **20708 (10/PNP-001543)**, Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas á realización de campañas de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero no ámbito rural.

Emenda de Engádegas:

Débese engadir ao texto da parte resolutiva o seguinte punto:

5. Afondar nas actuacións coordinadas e en colaboración coas asociacións de veciños/as, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños/as de Galicia na prevención e na sensibilización da violencia de xénero para contribuír á detección dun delito en moitos casos invisible, que en numerosas ocasións ten lugar na intimidade dos fogares, e no que a colaboración de todos os axentes, entidades e persoas é clave para ofrecer axuda ás vítimas”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2018 17:36:01

María Ángeles García Míguez na data 22/01/2018 17:36:18

(0023886) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **20708 [10/PNP-001543]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas á realización de campañas de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero no ámbito rural, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 23 de xaneiro de 2018.

Emenda de adición

Engadir un novo punto 5 co seguinte texto:

“5. Elaborar no primeiro trimestre de 2018, para o seu debate no Parlamento Galego, unha diagnose da situación e carencias dos servizos públicos, con especial atención aos de igualdade, para planificar a súa comarcalización e mellora de accesibilidade e dotación até o ano 2020.”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



REGISTRO
R01770MAG1132
GALICIA

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 17:58
Nº Rexistro: 23886
Data envío: 22/01/2018 17:58:44.217

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2018 13:30:19

Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2018 13:30:24

3.6 10/PNP-001586 (0021105)

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Vázquez Verao

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a accesibilidade en todas as áreas

(0021105) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Auxilia, Alucem, Asorlu, Adace, Capaces, Cogami Lugo, Fademga, Raiolas e Once presentaron no mes de abril un amplo informe coas prioridades en materia de accesibilidade na cidade de Lugo, que poden extrapolarse a calquera cidade ou vila galega e que se incrementan nos concellos rurais.

Nas vías públicas é imprescindible a mellora das ramplas e rematar coa política do lastrado. As ramplas deben garantir a seguridade das persoas con discapacidade visual ou de mobilidade. Pola súa parte, as lastras constitúen unha barreira para as persoas en cadeira de rodas ou con caxatos.

Urxente e non menos importante é a retirada dos postes eléctricos e de telefonía das vías públicas que dificultan e incluso impiden o paso das persoas con problemas de mobilidade.

En canto á sinalización, os semáforos sonoros son inexistentes fóra dos centros das cidades e grandes vilas, polo que se debe avanzar na instalación dos mesmos no extrarradio de cidades e vilas e nos núcleos de poboación do rural.

En relación co transporte, ademais de carencias no transporte adaptado, as organizacións sociais que traballan neste eido destacan a necesidade de mellorar a sinalización e información sobre o percorrido e as paradas.

O 4 de decembro remata o prazo legal para que todos os bens, servizos e



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 04/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21105
 Data envío: 04/12/2017 16:11:42.859



infraestruturas de interese público foran plenamente accesibles, sen embargo moitos locais comerciais e edificios de vivendas manteñen as barreiras arquitectónicas, en gran medida pola dificultade económica para asumir o custe da obra por parte das comunidades veciñais.

En canto aos museos, unha investigación de 2016 coordinada dende a USC e editada por Andavira baixo o título “A accesibilidade dos museos: visións e perspectivas. Unha proposta de intervención en Galicia” revela que, mentres a accesibilidade física está totalmente regulada, a accesibilidade sensorial, a cognitiva e os aspectos relativos á comunicación de contidos (sinalización, planos, materiais en relevo, reproducións, folletos, dispositivos electrónicos, audio e vídeo) son practicamente inexistentes.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de en Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

o Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Acordar coa FGMP un plan de adaptación das vías públicas substituíndo o lastrado por texturas e contrastes que faciliten a utilización por persoas con discapacidade visual e establecendo como prioritario a rebaixa das ramplas das beiravías, a cota cero e a substitución dos antigos semáforos por novos modelos sonoros.
2. Acordar coa FGMP un plan de mellora do transporte público por estrada coa identificación das paradas de autobús con pictogramas, a adaptación dos itinerarios con pictogramas ou fotos representativas das zonas polas que pasa cada liña no interior dos autobuses, voz que anuncie a chegada dun bus á parada, e voz e texto que explique as paradas ás que vai chegando o bus ao longo do seu percorrido.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21105
Data envío: 04/12/2017 16:11:42.859



3. Dirixirse ás empresas eléctricas e de comunicación para que procedan á eliminación de postes nas beirarrúas, eliminando de xeito urxente as que constitúen barreiras arquitectónicas.
4. Empezar as accións necesarias para garantir que nun prazo máximo de 6 meses todos os museos dependentes da Xunta de Galiza contén con accesibilidade universal.
5. Mellorar o acceso aos recursos turísticos con mapas turísticos con indicación das prazas de aparcamento reservadas, folletos turísticos con información visual en lectura fácil e adaptadas en braille.
6. Ampliar as axudas á eliminación das barreiras arquitectónicas dos edificios de vivendas.
7. Dotar a todas as consellerías dun orzamento destinado a impulsar a accesibilidade universal en todas as áreas.
8. Incrementar as axudas ás familias sen recursos económicos para garantir as reformas necesarias nos seus fogares e edificios de vivendas.
9. Deseñar unha aplicación móbil que permita a comunicación áxil e doada das persoas xordas cos servizos de emerxencia.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21105
Data envío: 04/12/2017 16:11:42.859


Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 04/12/2017 16:09:49

Luis Villares Naveira na data 04/12/2017 16:09:56

(0023883) Emendas dos Grupos Parlamentarios



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada, Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a accesibilidade en todas as áreas (doc. núm. 21105).

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o contido dos puntos 1, 2 e 8 polos seguintes textos:


1. Elaborar e publicar, a partires do 2018 e con periodicidade anual, unha orde de axudas destinada aos concellos para a adaptación das vías públicas substituíndo o lastrado por texturas e contrastes que faciliten a utilización por persoas con discapacidade visual, e establecendo como prioritario a rebaixa das ramplas das beiravías, a cota cero, e a substitución dos antigos semáforos por novos modelos sonoros.

2. Elaborar e publicar, a partires do 2018 e con periodicidade anual, unha orde de axudas para os concellos co obxectivo de poñer en marcha un plan de mellora do transporte público por estrada coa identificación das paradas de autobús con pictogramas, a adaptación dos itinerarios con pictogramas ou fotos representativas das zonas polas que pasa cada liña interior de autobuses, voz ou sinal acústica que anuncie a chegada dun bus á parada, e sinais e pantallas que expliquen as paradas ás que vai chegando o bus ao longo do seu traxecto.

8. Co obxectivo de fomentar a autonomía persoal e a promoción da accesibilidade, elaborar e publicar a partires do 2018 e con periodicidade anual, unha orde para a concesión de axudas destinada á mellora da accesibilidade e a adaptación funcional da vivenda habitual das persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

8 bis. As axudas priorizarán ás familias con baixos recursos económicos.



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/01/2018 17:51:41

Noela Blanco Rodríguez na data 22/01/2018 17:51:27

(0023891) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 18:22
Nº Rexistro: 23891
Data envío: 22/01/2018 18:22:09.120

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea, **21105 (10/PNP-001586)**, Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a accesibilidade en todas as áreas.

Emenda de Substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

1. Acordar coa FEGAMP un plan de adaptación das vías públicas de xeito que, a medida que cada administración titular dunha vía aborde a súa remodelación, na medida do posible e no marco das súas competencias, elaboren proxectos que non só cumpran os criterios de accesibilidade senón que se afronten con criterios que faciliten a utilización por persoas con discapacidade visual.
2. Promover a colaboración coa FEGAMP para que no Plan de Transporte Público de Galicia se puntúe a prestación de servizos con autobuses mellor adaptados (voz que anuncie a chegada dun bus á parada e voz e texto que expliquen as paradas ás que vai chegando o bus ao longo do seu percorrido) e que as administracións locais fagan o mesmo nos transportes da súa competencia.
3. Articular en colaboración coa FEGAMP un impulso á difusión que permita seguir aproveitando e mesmo incrementar o uso das axudas de rehabilitación co obxectivo de contribuír á eliminación das barreiras arquitectónicas dos edificios de vivendas.
4. Manter e reforzar a colaboración entre a Xunta de Galicia e a Organización Nacional de Cegos Españols (ONCE) iniciada co convenio asinado en 2013 para garantir atención especializada a máis de 300 alumnas e alumnos con discapacidade visual en centros educativos de toda Galicia ao abeiro do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes.
5. Continuar ampliando, tal e como fixo ao longo dos últimos anos, o número de escolares atendidos polos convenios con diversas entidades sociais para prestar os servizos de transporte e comedor escolares adaptados.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 18:22
Nº Rexistro: 23891
Data envío: 22/01/2018 18:22:09.120

6. Consolidar a aposta pola mellora do acceso á cultura por parte das persoas con discapacidade plasmada en iniciativas como o proxecto 'En-Red-Arte' iniciado no ano 2015.
7. Desenvolver o recentemente aprobado Plan de accesibilidade turística de Galicia e *do Camiño de Santiago 2016-2019*
8. Proceder á oferta e convocatoria de máis prazas para persoas con discapacidade intelectual, noutros corpos de funcionarios e categorías laborais distintas ás actualmente realizadas, así como difundir esta iniciativa entre as administracións locais de Galicia e a prestarlles colaboración para que poidan levar a cabo este proceso, co fin de acadar a condición de empregado público para estas persoas e facilitar a súa inserción laboral e autonomía persoal".
9. Manter as actuais bonificacións que, en relación ás persoas con discapacidade, se prevén no imposto sobre a renda das persoas físicas (polo nacemento ou adopción de fillos, polo coidado de fillos menores, polo aluguer da vivenda habitual), no imposto sobre sucesións e doazóns (redución por discapacidade), no imposto sobre transmisións patrimoniais (tipo de gravame reducido para a adquisición de vivenda habitual e dedución do 100% de ser nas áreas rurais), e, por último, no imposto sobre actos xurídicos documentados (tipo de gravame reducido para a adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados a súa financiación e dedución do 100% de ser nas áreas rurais)".
10. Garantir o cumprimento efectivo do recente Decreto 129/2016, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia no que ten a ver co mantemento dun servizo de videointerpretación en lingua de signos coa finalidade de garantir a atención cidadá ás persoas xordas ou con discapacidade auditiva".
11. Manter o convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que dende o ano 2014 contempla un servizo de atención específica as mulleres con discapacidade auditiva vítimas de violencia de xénero".
12. Profundizar nas liñas de colaboración coas asociacións de mulleres con discapacidade no ámbito rural, co fin de achegar en todo o territorio programas de prevención e sensibilización contra a violencia de xenero no entorno familiar".
13. Implantar unha aplicación móbil que permita a comunicación áxil e doada das persoas xordas cos servizos de emerxencia

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2.018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 18:22
Nº Rexistro: 23891
Data envío: 22/01/2018 18:22:09.120

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2018 18:20:52

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 22/01/2018 18:21:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

3.7 10/PNP-001599 (0021276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de transvasamento de auga do río Verdugo ao encoro de Eiras que está a tramitar Augas de Galicia

(0021276) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego anunciou recentemente, através de Augas de Galicia, a intención de realizar un trasvasamento de auga do río Verdugo ao río Oitavén, co obxecto de subministrar auga ao encoro de Eiras, que abastece a Vigo e a 11 concellos máis do sur da provincia de Pontevedra.

O trasvasamento suporía retirarlle ao río Verdugo case a metade do caudal. Tería polo tanto un forte impacto nunha área protexida pola Rede Natura, con grande valor paisaxístico e influiría tamén negativamente na desembocadura do río e nos bancos marisqueiros e pesqueiros do fondo da ría de Vigo.

Asemade, cómpre sinalar que Augas de Galicia ten a intención de realizar esta obra pola vía de emerxencia, sen estudo de impacto ambiental e sen contar cos informes sectoriais e dos concellos afectados.



REGISTRADO
B-177041212
04/12/09
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 11:05
Nº Rexistro: 21276
Data envío: 11/12/2017 11:05:39.618

A citada actuación supón a instalación de 6,5 km de tubaxes desde a canle de Laforet en Ponte Caldelas até o lugar de Aranza en Soutomaior. Por moito que se axilecen os trámites e a propia execución do proxecto, a realidade é que non estaría rematada até os meses de marzo ou abril, cando poida que xa non estea xustificada a situación de emerxencia.

Non parece aconsellábel, pois, actuar con présas e precipitación. Cómpre un estudo serio e rigoroso sobre diferentes alternativas e tamén a avaliación dos posibles impactos desta obra no ecosistema e nas actividades económicas da conca do río Verdugo e da enseada de San Simón.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Paralizar o proxecto de trasvasamento de auga do río Verdugo ao encoro de Eiras que está a tramitar Augas de Galicia.
2. Estudar diferentes alternativas para mellorar o abastecemento de auga a Vigo e aos concellos do sur da provincia de Pontevedra, considerando o impacto ambiental e afección ao ecosistema e á actividade económica da contorna.
3. Desenvolver un Plan de actuación, en colaboración cos concellos, para mellorar a eficiencia dos sistemas de captación, almacenamento e abastecemento



REGISTRADO
Nº 175041212
GALICIA
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 11:05
Nº Rexistro: 21276
Data envío: 11/12/2017 11:05:39.618

de auga, co obxecto de reducir sensibelmente as perdas que se producen, que segundo diferentes estudos poden chegar ao 30%.”

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/12/2017 10:55:32

María Montserrat Prado Cores na data 11/12/2017 10:55:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/12/2017 10:55:41



REGISTRO
R01270MAL2126
GALICIA

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 11:05
Nº Rexistro: 21276
Data envío: 11/12/2017 11:05:39.618


Olalla Rodil Fernández na data 11/12/2017 10:55:43

Noa Presas Bergantiños na data 11/12/2017 10:55:45

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2017 10:55:55

(0023876) Emendas dos Grupos Parlamentarios



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada, Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de transvasamento de auga do río Verdugo ao encoro de Eiras que está a tramitar Augas de Galicia (doc. núm. 21276).

Emenda de modificación

O punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

1. Desenvolver o Plan de seca no primeiro trimestre deste ano 2018 e, co fin de evitar improvisacións, que recolla medidas específicas e definidas, cun protocolo de actuación coordinado entre todos os axentes con competencias e cunha demanda ao Goberno do Estado para a activación de idénticas medidas para a demarcación hidrográfica Miño-Sil.

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/01/2018 14:20:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/01/2018 14:20:20

(0023885) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **21276 [10/PNP-001599]**, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de transvasamento de auga do río Verdugo ao encoro de Eiras que está a tramitar Augas de Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 23 de xaneiro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír o punto 1 polo seguinte texto:

“1. Paralizar e desbotar o proxecto de transvasamento de auga do río Verdugo á tubaxe que abastece a ETAP do Souto en Vigo.”

Emenda de adición

Engadir como punto 4:

“4. Acometer, en colaboración co Goberno do Estado e o Concello de Vigo, a realización de obras de ampliación e modernización da ETAP do Casal.”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 17:58
Nº Rexistro: 23885
Data envío: 22/01/2018 17:58:33.011

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/01/2018 17:51:51

Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2018 17:51:56

3.8 10/PNP-001615 (0021534)


Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Dolores Toja Suárez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional

(0021534) Entrada da iniciativa



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O número de afiliados ao Réxime especial de traballadores do mar a finais de 2009 eran 24.630 dos cales, 6.533 eran mulleres. A finais do 2016, os datos indicaban 21.035 (15 % menos), e incluían 5.088 mulleres (22 % menos).

As causas son varias: a escaseza de profesionais cualificados, a ausencia de relevo xeracional, a perigosidade mar adentro, a falla de cotas pesqueiras suficientes, o incremento dos gastos da actividade, todas elas son as razóns que xustifican esta realidade.

Nos orzamentos de 2018, a piques de seren aprobados, podemos ver como partidas que puideran ser claves para reverter esta situación descenden. Estas teñen como destino axudas para pescadores mozos, formación para menores de 30 anos, eficiencia enerxética ou investimentos para a modernización de motores.

Costa entender as asignacións orzamentarias, e máis se temos en conta que o Plan estratéxico galego 2015-2020, empeza e remata coa mesma frase: “Unir con criterio o presente e o futuro” á que non lle atopamos conexión, dado que a realidade amosa un futuro incerto para este sector, ao indicarnos que 4.400 embarcacións galegas quedarán sen relevo nos vindeiros anos senón se adoptan medidas ao respecto.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan, que será remitido o Parlamento nun prazo máximo de 6 meses, no que se establezan accións e medidas concretas que permitan afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional.

Pazo do Parlamento, 13 de decembro de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 14/12/2017 17:09:17

Julio Torrado Quintela na data 14/12/2017 17:09:30

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/12/2017 17:09:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia



(0023881) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 17:37
Nº Rexistro: 23881
Data envío: 22/01/2018 17:37:06.802

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Teresa Egerique Mosquera**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **21534 (10/PNP-001615)**, Sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a debater o problema do relevo xeracional co sector nas xornadas que sobre pesca deban ter lugar ao longo deste ano, e trasladar as conclusións ao Parlamento de Galicia no prazo de 6 meses, así como continuar coas accións e medidas concretas que permitan afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2018 17:32:11

Teresa Egerique Mosquera na data 22/01/2018 17:32:29

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

(0023888) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 17:59
Nº Rexistro: 23888
Data envío: 22/01/2018 17:59:05.193

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **21534 [10/PNP-001615]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 23 de xaneiro de 2018.

Emenda de adición

Engadir despois de: “medidas concretas”, o seguinte texto:

“coas cuantías orzamentarias precisas, nas que sexan de competencia da Xunta”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



REGISTRO
R01770M41212
GALICIA

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 17:59
Nº Rexistro: 23888
Data envío: 22/01/2018 17:59:05.193

María Montserrat Prado Cores na data 22/01/2018 17:57:16

Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2018 17:57:20

